



Concello de Mazaricos

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUNHA BRIGADA PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (PEL-CONCELLOS 2025)

1º.- Obxecto das Bases

Estas bases teñen por obxecto a contratación temporal dunha brigada, composta de **TRES (3) PEÓNS CONDUTORES** para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

A brigada levará a cabo labores de desbroce mecanizado e manual así como os traballos complementarios precisos, tales como a retirada do material vexetal, para o mantemento das beiras dos camiños e vías municipais, e outras funcións análogas.

A contratación efectuarase de conformidade cos requisitos e condicionantes establecidos pola Deputación Provincial de A Coruña nas Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL).

2º.- Normativa aplicable.

- Lei 5/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia;
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.
- Restante normativa vixente na materia.



Concello de Mazaricos

3º.- Modalidade e duración do contrato.

A modalidade será a de **CONTRATO DE TRABALLO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL** (Disposición final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro – código 405) cunha duración de **CATRO MESES e TRECE DÍAS**, e a xornada completa (37,30 horas á semana).

As retribucións serán as correspondentes ao posto de **ALBANEL**, de acordo coa RPT do Concello de Mazaricos (códigos 02.03.03 - 02.03.04 - 02.03.05). As retribucións teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a venres, adaptaranse ás necesidades do servizo.

A cuadrilla dependerá organicamente do Alcalde-Presidente do Concello de Mazaricos.

4º.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos **na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:**

1. Ter a nacionalidade española, ou reunir os requisitos de nacionalidade e parentesco esixidos no art. 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.
3. Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
4. Non ter sido separada do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
5. Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
6. Estar en posesión do certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
7. Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación da competencia en lingua galega farase conforme ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA) - actualmente vixente - ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 1, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua



Concello de Mazaricos

galega, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

8. Dispor de carné de conducir tipo B.

Asemade, conforme o establecido no *apartado 3.2 das Bases Específicas do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña para o ano 2025*, as persoas a contratar **deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo**, ou á data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

Asemade, conforme o establecido no *apartado 3.2 das Bases Específicas do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña para o ano 202,5* as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

5ª.- Publicidade

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Mazaricos. Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo, difundiranse mediante publicación na sede electrónica desta entidade.

6º- Presentación de instancias.

Para tomar parte neste proceso selectivo as persoas interesadas presentarán unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde de Mazaricos no modelo que figuran como ANEXO I ás presentes bases, accesible na sede electrónica municipal: <https://sede.mazaricos.gal>. Os interesados presentarán unha instancia que irá acompañada da documentación a que se refire a presente base.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Mazaricos, na sede electrónica municipal, ou ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións



Concello de Mazaricos

Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico **correo@mazaricos.gal** a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **CINCO (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Á instancia virá acompañada inescusablemente da seguinte documentación:

- DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- Título de certificado de escolaridade ou graduado escolar ou equivalente.
- Se é o caso, certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego **actualizada**.
- Documento de autoliquidación da taxa de dereito de exame xunto co xustificante bancario do seu aboamento, ou de ser o caso, acreditación das causas de exención.
- Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 4 destas bases:
 - a) A condición de persoa desfavorecida (persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero); a acreditación farase mediante a presentación do informe dos servizos sociais municipais.
 - b) A condición de muller e a de ter unha idade maior de 45 anos acreditarase mediante a presentación de fotocopia do DNI.
 - c) A situación de discapacidade acreditarase mediante fotocopia do Certificado do grao de discapacidade emitido polo órgano competente (deberá acreditarse unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%).
 - d) A condición de persoa desfavorecida e de vítima de violencia de xénero será acreditado mediante Informe dos servizos sociais comunitarios básicos.
 - e) A condición de desempregado de longa duración acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado acompañado da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Documentación xustificativa dos méritos alegados. A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante **certificado de vida laboral** expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social **acompañado contrato de traballo ou certificado de empresa** que acredite os extremos da prestación a que nos referimos anteriormente (categoría profesional e tarefas realizadas). A **NON PRESENTACIÓN** de ámbolos dous documentos (vida laboral+ contrato de traballo ou certificado de empresa) suporá a **NON VALORACIÓN** do mérito alegado.

7º- Taxas por dereitos de exame.



Concello de Mazaricos

Será de aplicación o artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame do Concello de Mazaricos, publicada no BOP núm. 136 do 19/07/2022. As taxas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta convocatoria, serán as seguintes:

- Artigo 5.1: Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente: **5,00 €**
- Artigo 5.2. Ás taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución:
 - o Do 100 por cento naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, **cunha antigüidade mínima de 6 meses**, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.
 - o Do 100 por cento para aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, debendo acompañar á solicitude o certificado que acredite tal condición.
 - o Do 100 por cento nos casos de familias numerosas dentro dos termos do art. 12.1.c. da Lei 40/2003 de Protección da familia numerosa (100% nos casos de categoría especial e 50% nos casos da categoría xeral), debendo aportar o título actualizado.

8º- Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditara resolución dentro dos **DOUS (2) días hábiles** seguintes na que se aprobará a lista **provisional** de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na sede electrónica do Concello de Mazaricos. Concederáse un prazo de **DOUS (2) días hábiles** para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución definitiva figurará a designación dos membros do órgano de selección encargado da realización da proba práctica e da valoración dos méritos alegados polos aspirantes.

9º- Tribunal Cualificador.

O tribunal terá a seguinte composición, de acordo co art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas):



Concello de Mazaricos

- Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.
- Vogal 1: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.
- Vogal 2: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.
- Vogal 3: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.
- Secretario/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas cando o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

10º- Selección dos aspirantes

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI.



Concello de Mazaricos

O sistema de selección será o **concurso-oposición**, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 15 puntos, e que se desenvolverá en dúas fases:

Fase de oposición:

a) Realización dunha proba práctica de pericia no manexo do tractor-desbrozadora.

Puntuarase ata un máximo de 10 puntos. Para superar a proba os aspirantes deberán de obter unha puntuación total igual ou superior a 5 puntos.

A proba práctica consistirá na condución do tractor-desbrozadora municipal ó longo dun percorrido de aproximadamente 10 metros lineais co fin de avaliar os coñecementos e a pericia no manexo do citado vehículo. A designación de cada tramo aos aspirantes farase por sorteo. Os candidatos serán acompañados polos membros do tribunal quen avaliará as actuacións de cada un deles. Esta proba valorarase ata un máximo de 10 puntos, conforme á seguinte escala:

- Moi axeitado (de 7 a 10 puntos)
- Bastante axeitado (de 4 a 6 puntos)
- Minimamente axeitado (de 1 a 3 puntos)
- Nada axeitado (0 puntos)

Os aspirantes deberán acudir á proba na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento, calquera que fose a causa que lles impida acudir, salvo nos caos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética empezando pola letra **"F"** conforme á *Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 24 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG nº 16 do 24 de xaneiro de 2025).

b) Coñecemento da lingua galega

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, realizando ás probas que consideren máis axeitadas para tal comprobación. Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do **Celga 1 ou equivalente**.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, as



Concello de Mazaricos

persoas candidatas non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba. Esta proba cualificarase **como apto ou non apto**.

As cualificacións do exercicio faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas na sede electrónica do Concello de Mazaricos.

2ª Fase.- Concurso de méritos

Unha vez realizada a fase de oposición ou proba práctica o Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición na sede electrónica municipal.

Serán méritos a valorar nesta fase:

a) Experiencia laboral: ata un máximo de 3 puntos

Valoraranse, con **0,20 puntos por mes traballado**, os servizos prestados na mesma categoría ou categorías similares á praza convocada e nos que se desenvolveran tarefas como condutor de tractor con desbrozadora de brazo ó servizo de calquera das Administracións Públicas como ó servizo de calquera empresa privada. A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante **certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado contrato de traballo ou certificado de empresa** que acredite os extremos da prestación a que nos referimos anteriormente (categoría profesional e tarefas realizadas). **A NON PRESENTACIÓN de ambos documentos (vida laboral + contrato de traballo ou certificado de empresa) suporá a NON VALORACIÓN do mérito alegado.**

b) Formación. Máximo de 2 puntos.

Dacordo co establecido nas Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2025, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas, ata un máximo de 2 puntos.

- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto
- Cursos entre 50 e 100 horas: 0,75 puntos
- Cursos entre 20 e 49 horas: 0,50 puntos
- Curso de ata 20 horas: 0,25 puntos.

Esta circunstancia deberá ser acreditada mediante informe, resolución, título ou documentación xustificativa similar. No caso de presentar cursos de igual nomenclatura ou temática terase en conta o título con maior número de horas de formación.

Non se terán en conta os cursos de formación que non garden relación co posto de traballo que se vai a desempeñar.

11º- Relación de Aprobados

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da cualificación das dúas fases. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior



Concello de Mazaricos

puntuación na proba práctica; de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso de méritos; e de persistir o empate realizarse un sorteo entre os candidatos que obtiveron igual puntuación.

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación de seleccionados pola orde decrecente de puntuación final obtida, non podendo superar estes o número de prazas convocadas e faraa pública na sede electrónica do Concello de Mazaricos.

De acordo coa relación, elevarase ao Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de selección e a lista de reserva de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo **de 2 días hábiles** contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello Mazaricos, ou a través da Sede electrónica municipal. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva. Esta resolución será publicada na sede electrónica do Concello de Mazaricos e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán no prazo de **CINCO (5) días hábiles**, contados a partir da publicación da lista de aprobados na Sede electrónica municipal (no caso de non habelos presentado xunto coa solicitude):

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible; e no seu caso, o permiso de residencia en vigor.
- Fotocopia da titulación académica esixida
- Fotocopia do permiso de conducir.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado do órgano competente que acredite tal condición. De igual xeito deberán presentar certificado acreditativo de compatibilidade desta discapacidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes ao posto de traballo.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, NON poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrerá por falsidade na solicitude de



Concello de Mazaricos

participación.

12º- Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Sr Alcalde efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo máximo de **TRES (3) días hábiles**.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

13º- Lista de reserva

Na acta da selección, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Esta relación poderá ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como lista de reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de equivalentes.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

14º- Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Mazaricos

ANEXO I: PEÓN CONDUTOR

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:		
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:	DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:		
ENDEREZO:	C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:	

EXPOÑO: Que á vista da convocatoria para a contratación dunha brigada municipal, composta por **TRES PEÓNS CONDUTORES** para a realización de tarefas mantemento e conservación de camiños e vías de titularidade municipal, **DECLARO QUE NA DATA DE REMATE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REUNO TODAS E CADA UNHA DAS CONDICIÓNNS QUE SE ESIXEN NAS BASES DA CONVOCATORIA, E CO COÑECEMENTO E EXPRESA ACEPTACIÓN DE TÓDOLOS TERMOS DA MESMA.**

SOLICITO A PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE REFERENCIA DE CONFORMIDADE COAS BASES DA CONVOCATORIA.

PEÓN CONDUTOR

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia de DNI
- Fotocopia da titulación académica esixida
- Permiso de conducción
- Fotocopia do título de Celga 1
- Tarxeta de demandante de emprego **actualizada**
- Informe de vida laboral
- Certificado de discapacidade
- Documento que acredite a situación de exclusión social
- Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou acreditar a causa de exclusión, de ser o caso.
- Documentación dos méritos alegados para a valoración na fase de concurso
- Outra (indicar)

En Mazaricos, a de de 2025

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MAZARICOS (A CORUÑA)



Concello de Mazaricos

ANEXO II: TAXA REGULADORA DOS DEREITOS DE EXAME

DATOS PERSOAIS		
1º Apelido	2º Apelido	Nome
D.N.I./N.I.E./Pasaporte Nº:		Enderezo
Localidade	Provincia	Nacionalidade
Enderezo a efectos de notificación		
Teléfono	Correo electrónico	

CONVOCATORIA	
Código da praza	Denominación
Título esixido na convocatoria	

AUTOLIQUIDACIÓN DA TAXA (a cubrir polos aspirantes)		
Grupo/Subgrupo		Importe (ver táboa)
Ten dereito á redución do 100%		
SI	NON	(* Deberá acreditar esta circunstancia acompañando esta liquidación da correspondente documentación

Probas selectivas para	Precio
Subgrupo A1 ou persoal laboral equivalente	25,00 €
Subgrupo A2 ou persoal laboral equivalente	20,00 €
Grupo B ou persoal laboral equivalente	15,00 €
Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €
Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €

No caso de persoal laboral as equivalencias serán as que seguen:

Probas selectivas para	Precio
Grupo LI	25,00 €
Grupo LII	20,00 €
Grupo LIII	15,00 €
Grupo LIV	10,00 €
Grupo V	5,00 €

(* Ás taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución: do 100 por cento naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda

Data e sinatura



Concello de Mazaricos

ANEXO III: AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSONAIS

D./D.^a con NIF, en calidade de participante na convocatoria de selección de persoal PEL-PEMES 2025, dou o meu consentimento ao Concello de Mazaricos para o manexo dos meus datos de carácter persoal coa única finalidade da realización deste proceso selectivo, de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos poderán ser cedidos á Deputación Provincial da Coruña, coa única finalidade de tramitar o expediente PEL-CONCELLOS 2025.

E para que así conste, asino a presente autorización, en Mazaricos na data de do 2025.

Asinado: